



ACTA PLENO DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 29 DE NOVEMBRO DO 2021.-

<p>ASISTEN: Sr. Alcalde: Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo Sres. Concelleiros: Dna Olimpia Marcos García Dna Mª Victoria Montenegro Paz.. D. José Juan Vilar Rico. Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro. Dna. Noelia Montero Candal. Dna. Lucía Blanco García. D, Luis Cendán Fernández. Dna. María Carmen Brage Otero. Dn. Miguel Ángel García Paz. Dna. Josefina Martínez Martínez. D. Marcos Carballo Sarmiento. D. José Manuel Cendán Fernández</p> <p>Sr. Secretario: D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>	<p>No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e vinte e oito minutos do día vinte e nove de novembro do dous mil vinte e un, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.</p>
--	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

Punto núm. 1.- Toma de posesión de Dn. Miguel Ángel García Paz.

Por esta Secretaría informase, que pola Sr. MIGUEL ÁNGEL GARCIA PAZ, se presentou a credencial expedida pola Xunta Electoral Central, de data 12 de Novembro de 2021, e que de conformidade co disposto no artí. 75.7 da Lei 7/1985 de 2 de abril LRBL, modificada pola Lei 8/2007, de 8 de maio do solo, redacción recollida no Texto Refundido RD Lexislativo 2/2008, de 20 de xuño (Disp. Adc. 9ª3), acredítase nesta Secretaria a preceptiva declaración para a inscrición nos Rexistros de Bens Patrimoniais e de Actividades, e liquidacións do IRPF, e no seu caso Patrimonio e sociedades.

ACTO DE XURAMENTO OU PROMESA

SECRETARIO. De conformidade co artigo 108.8 da Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, os Concelleiros electos no momento de tomar posesión e para adquirir a plena condición dos seus cargos, deben xurar ou prometer acatamento á Constitución, así como cumprimentar os demais requisitos previstos nas Leis ou regulamentos respectivos.

O Xuramento ou promesa realizáse utilizando a fórmula prevista no Real Decreto 707 (1979, de 5 de abril, regulador da fórmula para a forma de posesión de cargos e funcións públicas).

Intervén o Sr. Alcalde preguntando ao Sr. García Paz.





¿Xurades ou prometedes pola vosa conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealtade ao rei, gardar e facer gardala Constitución como norma fundamental do Estado?

Responde a Sr. García Paz manifestando “Si, prometo por imperativo legal comprométome a defender os dereitos e os intereses legais da veciñanza de Ares e do pobo Galego”.

Punto núm. 2.- Declaración institucional con motivo do día internacional da eliminación da violencia contra a muller.

Dáse conta da declaración institucional da FEMP, con motivo do día internacional da eliminación da violencia contra a muller de data 25 de novembro de 2021 que a continuación se transcribe:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DEL

DÍA INTERNACIONAL DE LA ELIMINACIÓN DE LA VIOLENCIA CONTRA LA MUJER

25 de noviembre de 2021

“Si me matan, sacaré los brazos de la tumba y seré más fuerte”

Minerva Mirabal

Un año más, y coincidiendo con el 40 aniversario desde su constitución, la Federación Española de Municipios y Provincias renueva su compromiso con la igualdad y contra la violencia de género, y muestra su preocupación ante el aumento de los asesinatos de mujeres a manos de sus parejas y exparejas y ante la escalada de violencia vicaria.

Han pasado cuatro décadas desde que Latinoamérica marcó el 25 de noviembre como el Día Internacional de No Violencia contra las Mujeres en honor a las dominicanas Minerva, Patria y María Teresa Mirabal, tres hermanas asesinadas el 25 de noviembre de 1960 por orden del dictador Rafael Leónidas Trujillo, del que eran opositoras. 20 años después, Naciones Unidas declaraba esa misma fecha como Día Internacional de la Eliminación de la Violencia contra la Mujer.

En España, la Constitución de 1978 consagra, a través de sus preceptos, la Igualdad real y efectiva, así como la plena participación de toda la ciudadanía en la vida política, económica, cultural y social (artículo 9.2), la Igualdad de sexos (artículo 14), el derecho a la vida, a la integridad física y moral, sin que pueda ser sometida a tortura ni a penas o tratos inhumanos o degradantes (artículo 15), el derecho de la persona a la libertad y la seguridad (artículo 17), y el derecho a la intimidad personal y familiar (artículo 18). Y en 2004, la aprobación de la Ley Orgánica, de 28 de diciembre, de Medidas de Protección Integral contra la Violencia de Género, supuso un paso más en la lucha contra la Violencia de Género.

A pesar de todos los esfuerzos, la histórica desigualdad entre mujeres y hombres continúa afectando no sólo a su integridad física sino al reconocimiento de su dignidad y es por ello que,





gracias a la conciencia social y al rechazo de la ciudadanía, España ha sido el primer país en acordar, en 2017, un Pacto de Estado contra la violencia de género.

En todo momento, las Entidades locales hemos estado y seguimos estando al lado y del lado de las víctimas, impulsando el debate político para que lo público deje de ser privado; apoyando la legítima reivindicación del derecho de las mujeres a no sufrir ningún tipo de violencia; y abordando, desde un enfoque multidisciplinar, la planificación de las políticas locales, el acompañamiento integral a las víctimas y el desarrollo de medidas de sensibilización y prevención dirigidas al conjunto de la ciudadanía.

Por nuestra cercanía, los Ayuntamientos, Diputaciones Provinciales, Cabildos y Consejos Insulares, asumimos la implementación directa de normas y planes con medidas específicas que favorecen la igualdad de oportunidades, redoblamos los esfuerzos en la detección de la violencia de género, en todas sus formas y en todos sus ámbitos; y diseñamos, desde la defensa de los derechos de las mujeres, políticas integrales para superar esta una lacra social que ha roto miles de vidas.

Para ello, los Gobiernos locales reunidos en la FEMP:

- Invitamos a todas las Entidades Locales a adherirse a esta Declaración y nos sumamos a todas las voces que claman por un futuro en igualdad.
- Reconocemos la gravedad de la violencia machista como un problema político de primer orden, de salud pública y como un grave atentado a los Derechos Humanos fundamentales
- Asumimos la responsabilidad en el proceso de intervención con víctimas de violencia machista y defendemos el principio de reparación en todas sus fases
- Alertamos sobre el aumento de los asesinatos machistas y manifestamos nuestra preocupación ante la violencia vicaria y ante el desamparo que sufren los huérfanos y huérfanas.
- Recordamos que es necesario garantizar que la igualdad de género y los derechos de las mujeres como elemento clave para garantizar la recuperación social y económica de todas las personas a nivel global.
- Defendemos la necesidad de promover acciones globales consensuadas que garanticen la continuidad de las políticas dirigidas a la eliminación de las normas sociales discriminatorias y el refuerzo de los programas de prevención y lucha contra la violencia de género.
- Demandamos la implementación de proyectos y programas locales que garanticen la igualdad de género en el empleo y el apoyo al espíritu empresarial de las mujeres, como medidas para preservar su independencia económica y prevenir la violencia de género.





- Manifestamos nuevamente nuestra preocupación por las altas tasas de empleo temporal de las mujeres que, unido a la destrucción y la caída del empleo advierten de un peligroso aumento de la brecha de género.
- Ratificamos nuestro compromiso con el Pacto de Estado contra la violencia de género y recordamos la necesidad de continuar avanzando en su desarrollo.

Intervén o Sr. Alcalde abrindo a primeira quenda de intervencións.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do BNG.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero manifestando que dende o BNG lles parece máis correcto asumir a declaración institucional que fai a Deputación da Coruña que ademais foi aprobada por unanimidade de todos os partidos aquí presentes, ademais e moito máis completa e clara, todas as declaracións poden ser óptimas pero sempre hai unhas máis completas que outras, deberíamos de asumila por compromiso social e pola nosa parte nada máis, solicitamos que se teña en conta e que se aprobe a da Deputación e que ademais está feita en galega, porque esta declaración está feita en español.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que hai un acordo de todos os voceiros dende fai moitos anos, dende a primeira lexislación creo lembrar onde neste tema imos a aprobar a declaración da FEMP e si agora o BNG cambia de opinión eu creo que debería de habelo dito na xunta de voceiros, xa xunta de voceiros volveríase a falar e o veríamos, pero agora eu síntome vinculado por un acordo de fai moitos anos de todos os grupos políticos e non é o momento de presentar unha variable, en xunta de voceiros e onde se tiña que dicir e alí chegar a un acordo polo tanto, simplemente imos a escoitar ao resto dos voceiros/as.

Remata a Sra. Brage Otero a súa intervención.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que o único que sempre solicitamos é que nestas declaracións institucionais houbera unanimidade si que é verdade que houbo un ano que non tiñamos a da FEMP e aprobamos a da Deputación pero a nós nos da igual, si que é certo que como ben di a voceira do BNG é máis completa e fai máis referencia a comunidade autónoma a da Deputación pero os anos anteriores aprobouse a da FEMP, pero a nós danos igual aprobar unha que outra, o que queremos e chegar a un acordo.

Remata o Sr. José Manuel Cendán Fernández a súa intervención.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do NAL.

Toma a palabra o Sr. Luis Cendán Fernández manifestando que o seu voto vai ser favorable.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que entón apróbanse a dous.

Toma a palabra a Sra. Brage Otero sinalando que na declaración institucional da deputación habería que suprimir o punto 4 “insta a todos os concellos”.





Responde o Sr. Alcalde manifestando que habería que facer unha serie de modificacións, onde di Deputación da Coruña cambialo por Concello de Ares e suprimir o punto 4.

Dáse conta da declaración institucional da Deputación da Coruña, con motivo do día internacional da eliminación da violencia contra a muller de data 25 de novembro de 2021 que a continuación se transcribe:

DECLARACIÓN INSTITUCIONAL 25 DE NOVIEMBRE

A loita contra a violencia machista é un dos retos máis grandes para a sociedade galega e para a humanidade no seu conxunto. A forza do feminismo fai que o 25 de novembro, declarado Día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas no ano 1999, sexa unha data de denuncia e reivindicación que convida a reflexionar e actuar para avanzar na súa prevención, sensibilización e erradicación.

A covid-19 trouxo ao noso contexto actual unha importante crise sanitaria, social e económica que atravesamos de forma moi intensa a realidade das mulleres, o que deu lugar a que sen dúbida resultásemos máis afectadas por esta pandemia. É evidente que neste contexto, aínda que invisibilizada, a violencia machista continuou connosco. Asociacións de mulleres, institucións e profesionais de diferentes ámbitos coinciden na grave afección das medidas de confinamento e de restrición da actividade así como da mobilidade social para a actuación sobre a violencia machista cun grave risco para milleiros de mulleres. Unha mostra de todo isto, foi a campaña que desde a Deputación da Coruña se puxo en marcha no mes de marzo e que promoveu unha reflexión sobre a desigualdade de xénero desde unha perspectiva interseccional, incorporando na análise o impacto da Covid-19.

Entre outros exemplos, podemos indicar como na Memoria anual do ano 2020, coñecida en outubro, a Fiscalía Superior de Galiza sinala que hai un nicho de criminalidade que a pandemia ocultou, e que no ámbito da violencia machista "o nivel de convivencia que a situación xerou, sen ningunha dúbida, supuxo un aumento que as cifras derivadas da fría estatística non reflicten, pero que aparecerá seguramente nun futuro non moi afastado ao atoparse actualmente soterrada, de forma que pronto, entendemos, xurdirá un goteo de procedementos cuxa orixe ou aparición se deriva da pandemia."

Todos estes datos fan que sexa necesario abordar a necesidade de fortalecer os medios existentes e de adquirir máis compromisos orzamentarios, legislativos e políticos. Nesta liña traballa a Deputación que neste ano 2021 fortaleceu o seu presuposto nas liñas de subvencións a entidades, puxo en andamento unha nova liña para a contratación de axentes de igualdade en entidades locais e fortaleceu o orzamento destinado tamén a programas de sensibilización e formación. Mais isto desde logo non é suficiente, temos de seguir traballando na procura de máis recursos económicos e persoais, mais tamén en aplicar os criterios de transversalidade para que as desigualdades, a eliminación das discriminacións e as situacións de violencia desaparezan e só poderemos ir avanzando cando as poñamos nun lugar central de traballo dentro da vida pública.





Nos últimos anos Galiza é exemplo de importantes avances institucionais, como o recoñecemento da violencia vicaria como violencia machista, avances que van acompañados de importantes mobilizacións sociais. Estes feitos dan conta do grande rexeitamento á violencia machista da sociedade galega, como tamén reflicten os datos da enquisa sobre percepción da violencia de xénero por parte da sociedade galega, que sinala como o 80% da sociedade entende que este é un problema social que atinxe a todas as persoas e non se circunscribe ao ámbito privado.

A violencia contra as mulleres é absolutamente incompatíbel cunha sociedade plenamente democrática. Garantir a liberdade, a seguridade e a vida das mulleres e protexer ás vítimas non é unha opción, é unha obriga democrática. A violencia machista interpela a todas as administracións, e debemos combatela con todos os medios ao noso alcance.

Por todos estes motivos, é necesario que este 25 de novembro fuxa de ritualismos e declaracións de intencións e que colectivamente asumamos máis compromisos.

Desde o Concello de Ares queremos expresar o seguinte:

1. Rexeitamos de maneira expresa e clara calquera acto de violencia contra as mulleres e manifestamos o noso absoluto compromiso coas vítimas.
2. Reafirmamos o firme compromiso desta institución cos dereitos das mulleres, coa erradicación de calquera tipo de violencia machista e a combater calquera discurso ou posicionamento político que negue a violencia de xénero ou rexeite as políticas públicas enfocadas á súa extirpación.
3. Ratificamos o noso compromiso en seguir mantendo os recursos económicos destinados a programas de sensibilización, intervención, conciliación e formación das entidades que traballan pola igualdade e na eliminación da violencia de xénero e a traballar en incorporar a perspectiva de xénero en todas as decisións que se adopten nesta administración.
4. Instamos á Xunta de Galicia a promover a formación necesaria para o persoal municipal no ámbito da creación ou activación das Mesas de Coordinación Interinstitucional e os encontros de traballo entre o departamento competente en materia de Igualdade e as entidades locais, dirixidos a intercambiar boas prácticas en colaboración coa FEGAMP; a elaborar un estudo e estratexia de coordinación contra a violencia de xénero para o ámbito local e a seguir reforzando a rede de Centros de Información ás Mulleres para garantir a cobertura do conxunto do territorio.
5. Instamos ao Goberno do Estado á actualización e renovación do Pacto de Estado contra a Violencia de xénero; á mellora na coordinación institucional para garantir que os fondos de dita Pacto sexan implementados do xeito máis eficiente posible e a solicitará FEMP o cumprimento da medida do citado Pacto que sinala: *"Elaborar por parte do FEMP un estudo xurídico sobre as reformas que deberían implantarse no ámbito das ordenanzas municipais para acabar coa tolerancia e a permisividade cara a publicidade de servizos sexuais que facilitan actuacións delitivas"*.





O Sr. Alcalde somete as declaracións institucionais a votación.

Sometida a votación a aprobación das “**DECLARACIÓNs INSTITUCIONAIS CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA A MULLER**” presentada pola FEMP e pola Deputación da Coruña, o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 3.- Aprobación se procede da acta de 25 de outubro de 2021.

Sometida a votación a aprobación da acta de 25 de outubro de 2021 o Pleno do Concello por unanimidade 13 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL, 3 do PP e 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 4.- Adxudicación operación de préstamo 2/2021.

Dáse conta do informe de secretaría-intervención sobre “Avaliación do principio de prudencia financeira” de data 23 de xullo de 2021 do seguinte teor literal:

INFORME DE INTERVENCIÓN SOBRE AVALIACIÓN DO PRINCIPIO DE PRUDENCIA FINANCEIRA

Esta Intervención, en virtude das atribucións de control citadas e establecidas no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e desenvolvidas polo Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; e en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.b).6º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, emito o seguinte:

INFORME

PRIMEIRO. Á vista do ordenado no artigo 48 bis do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, todas as operacións financeiras que subscriban as Entidades Locais están suxeitas ao principio de prudencia financeira.

É por iso que no artigo terceiro da Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das entidades locais dispónse que o custo total máximo das operacións de endebedamento, incluíndo comisións e outros gastos (salvo as comisións citadas no Anexo 3 da Resolución), non poderá superar o custo de financiamento do Estado ao prazo medio da operación, incrementado nos diferenciais máximos que serán:

Para Operacións non instrumentadas en valores cuxos vencementos non quedan cubertos polo Fondo de Financiamento a Entidades Locais; e que ademais, non cumpren as condicións de elexibilidade ao Fondo de Impulso Económico, tanto a curto como a longo prazo: 75 puntos básicos ou 0,75%.





No caso de operacións de endebedamento cunha vida media superior aos dez anos, estes diferenciais máximos poderanse incrementar en 1 punto básico (0,01%) por ano adicional, até un máximo de 15 puntos básicos adicionais (0,15%).

SEGUNDO. A lexislación aplicable é a seguinte:

- Os artigos 51 e seguintes do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.
- A Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais.
- O artigo 17 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.
- A Resolución de 2 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiación Internacional, pola que se actualiza o Anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais.

TERCEIRO. Vista a necesidade de coñecer se esta entidade se atopa no ámbito de aplicación do Real Decreto-Lei 17/2014, de 26 de decembro, e consultada a aplicación habilitada na Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais para solicitar a adhesión ao compartimento Fondo de Impulso Económico determínase que non se atopa dentro do ámbito subxectivo desta aplicación, ao non cumprir con todas as condicións que se recollen no artigo 50 do citado Real Decreto- Lei 17/2014, de 26 de decembro.

Así, este Concello non resulta elexible nos termos marcados polo Ministerio de Facenda e en relación con requisitos a avaliar en cumprimento do principio de prudencia financeira.

No entanto, por parte desta Intervención e co obxectivo de trasladar a información o máis actualizada posible no que respecta ao cumprimento dos requisitos establecidos na normativa, infórmase o seguinte respecto das referidas condicións, tendo en conta os datos últimos datos remitidos da última liquidación aprobada do exercizo 2020 :

Estabilidade orzamentaria: Segundo a última liquidación aprobada correspondente ao exercizo 2020 e una vez realizados axústelos SEC-2010, esta entidade presentou un resultado de superávit orzamentario.

Límite de débeda: o límite de débeda desta entidade, sen a necesidade de pedir autorización ao correspondente organismo competente, estaba situado no 0% (límite de endebedamento as operacións a curto prazo: non superiores ao 30%) e do 54,63 % coa primeira operación de préstamo do 2001 de 2.000.000,00 €. (débeda viva a 30-12-02020:





1.377,20 €.) non excedendo do 110% tendo en conta os datos referidos na última liquidación aprobada do exercicio 2020.

Período medio de pago: o período medio de pago a provedores desta entidade do cuarto trimestre do exercizo 2020 é o seguinte:

38,84 días.

Polo que se supera en máis de 30 días, o prazo máximo de pago previsto na normativa de morosidade.

Obriga de información e subministración de información económico-financeira: esta entidade á data de realización do presente informe está ao corrente das obrigas de información e subministración de información económico-financeira recollidas na Orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira.

En conclusión, analizados os criterios legalmente establecidos, e segundo os datos calculados por esta Intervención, obsérvase, que a entidade local non cumpre as condicións de elegibilidade que se requiren para que a operación a formalizar por esta Entidade Local, quede cuberta polo Fondo de Financiamento.

CUARTO. As características da operación a longo prazo que se pretende formalizar pola Entidade Local de Ares son:

- Tipo de operación: Préstamo a longo prazo.
- Finalidade: Financiamento de Investimentos.
- Incluída no Fondo de Financiamento a Entidades Locais.
- importe da operación: 600.000,00
- Prazo da operación: 180 meses.
- Vida media da operación: 103,5 meses.
- Cálculo vida media da operación de préstamo proxectada:

Prazo da operación + nº. de anos de carencia + (1/ nº. de amortizacións anuais)

-----= 2

15 + 2+ 0,25

2



Cod. Validación: 92N6EWK6247ERJQKXLEDNE5Q | Corrección: <https://ares.sedelectronica.es/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 21



VM = 8,625 anos x 12 meses = 103,5

VM da operación proxectada: 103,5 meses e medio.

Do anexo 1 recollido na Resolución de 2 de xullo (Secretaría General del Tesoro y Financiación Internacional) de 2021 extraemos:

- Vida media da operación (meses): 96
- Diferencial máximo sobre euríbor 3 meses (puntos básicos): 23
- Vida media da operación (meses) : 108
- Diferencial máximo sobre euríbor 3 meses (puntos básicos): 28

“Los tipos de interés fijos y diferenciales máximos aplicables para operaciones cuya vida media exacta no se encuentre publicada en la presente tabla se hallarán por interpolación lineal entre los dos tipos o diferenciales más cercanos al plazo medio de la operación.”

Tipo de interese ao maior prazo 28

Tipo de interese ao menor prazo 23

Diferencia tipo de interese maior-menor = 5

Prazo maior do intervalo (meses) 108

Prazo menor do intervalo (meses) 96

Dif, prazos maior-menor do intervalo = 12

Diferencia tipos/diferencia prazos = $4/12 = 0,33333$

Prazo da operación proxectada..... 103,5 Prazo menor do intervalo 96

Dif. Prazo operación-prazo menor do intervalo = 7,5 **Producto: $0,33333 \times 7,5 = 2,499$**

Producto anterior + tipo de interese ao menor prazo = $2,499 + 24 = 26,499$ puntos básicos

Volvendo á Resolución de 2 de xullode 2021, continúa: “Sobre estos tipos de interés fijos o diferenciales sobre euríbor, se podrán aplicar los diferenciales máximos contenidos en el anexo 3 de la Resolución de 4 de julio de 2017 de la Secretaría General del Tesoro y Política Financiera, por la que se define el principio de prudencia financiera aplicable a las operaciones de endeudamiento y derivados de las comunidades autónomas y entidades locales.”

En consecuencia á vista xa de tódolos datos:

Tipo de interese máximo ofertable polas entidades financeiras = Euríbor a 3 meses + 1,0149 %





Si tomasemos o Euribor a 3 meses a data 13 de xullo de 2021, publicado polo Banco de España www.bde.es/webbde/es/estadis/infoest/ti_1_7.pdf, citando como Fonte: European Money Markets Institute (EMMI) e Axencia Reuters, é de =

-0,546

Resume:

Tipo de interese: Variable.

Importe préstamo: 600.000, 00€

Período de liquidación de intereses e amortización: Trimestral con referencia ao Euribor trimestral.

- Amortización: 15 anos.
- Carencia: 2 anos.
- Amortización líneal.
- Outras condicións financeiras:
- Comisións permitidas:
- Comisión de non dispoñibilidade: Máximo de 0,10 % anual.
- Comisión de axencia para operacións sindicadas: Máximo de 50.000 euros anuais).
- Intereses de demora: Non poderán superar o tipo de interese da operación máis unha recarga do 2 % anual.

QUINTO. O Custo Total Máximo (CTM) da operación de endebedamento, incluíndo as comisións e outros gastos -salvo a comisión de non dispoñibilidade nas pólizas de crédito que queda limitada a un máximo do 0,10% anual (Anexo 3. Apartado 6 a) da Resolución)-, non poderá superar o custo de financiamento do Estado (CFE) que conste no Anexo da Resolución de 2 e febreiro de 2021, da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiación Internacional, pola que se actualiza o Anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais, publicado mensualmente mediante Resolución por parte da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, ao prazo medio da operación, incrementado en 75 puntos básicos e, en 15 puntos básicos adicionais (1 punto básico adicional ate un máximo de 15) por 15 anos adicionais de duración da operación.

SEXTO. En base aos cálculos efectuados, e de acordo co principio de prudencia financeira segundo a operación que se pretende concertar, determínase que as condicións que debe cumprir a operación a longo prazo en resumo son:

Tipo de Referenci a	Liq. Intereses	A =C.F.EDiferencial Máximo	B = Incremento Diferencial por oper./entidade	Custo Total Máximo = EUR_M + «A» + «B»
---------------------	----------------	----------------------------	---	--





Fixo	(Anual/Trim/Mens).	(Diferenciais indicados na táboa Anexa á Resolución, que se publican mensualmente)	(0,20/0,50/0,75)	
EUR 12M	Anual	(Diferenciais indicados na táboa Anexa á Resolución, que se publican mensualmente)	(0,20/0,50/0,75)	EUR 12M + _____
EUR 6M	Semestral	(Diferenciais indicados na táboa Anea á Resolución, que se Publican mensualmente)	(0,20/0,50/0,75)	EUR 6M + _____
EURO 3M	Trimestral	(Diferencias indicadas na táboa Anea á Resolución, que se Publican mensualmente)	(0,20/0,50/0,75)	EUR 3M + 0,75+0,26499+(0,05)
EURO 1M	Mensual	(Diferencias indicadas na táboa Anea á Resolución, que se Publican mensualmente)	(0,20/0,50/0,75)	EUR 1M +

- Para a realización deste informe, tomáronse os datos referidos ao Anexo I publicado o día seis de xullo de 2021 no Boletín Oficial do Estado por parte da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira que veñen actualizar o Anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017 (Resolución de 2 de xullo de 2021, da Secretaría Xeral do Tesouro e Financiación Internacional, pola que se actualiza o Anexo 1 incluído na Resolución de 4 de xullo de 2017, da Secretaría Xeral do Tesouro e Política Financeira, pola que se define o principio de prudencia financeira aplicable ás operacións de endebedamento e derivados das comunidades autónomas e entidades locais).

Tomando a última publicación do citado Anexo I e no seu caso, a referencia do Euribor trimestral a día o custo total máximo é de **0,468 %**.

O cumprimento da condición de custo máximo considerarase no momento de apertura do proceso de licitación no caso de concursos públicos. Polo que o custo máximo indicado nas cláusulas do prego non sufrirá modificación durante o proceso de licitación.

No caso de financiamento a través de una negociación bilateral o custo máximo considerarase no momento de presentación das ofertas firmes polas entidades financeiras.

Na práctica e co obxectivo de comprobar se a operación cumpre co principio de prudencia financeira, deberase comparar o custo total máximo coa T.A.E. da operación, de maneira que o custo financeiro efectivo da operación, interese, gastos e comisións aplicables (excluídas a comisión de non dispoñibilidade e comisión de axencia), debe ser menor ou igual que custo total máximo permitido.





Comisións de axencia (para operacións indicadas)	Máximo 50.000 euros/anuais
Intereses de demora	Interese da operación + 2% anual máximo
Outras comisións operación	Deberán estar incluídas dentro do Custo Total Máximo da operación

Sendo o resultado do control permanente previo do expediente: favorable

Con efectos informativos

Ares, a 15 de xullo de 2021

Dáse conta da Acta de apertura de propostas presentadas para a formalización da operación de crédito por importe de 600.000€ de data 3 de novembro de 2021 que a continuación se transcribe:

ACTA DE APERTURA DE PROPOSTAS PRESENTADAS PARA A FORMALIZACIÓN DUNHA OPERACIÓN DE CRÉDITO POR IMPORTE DE 600.000 EUROS.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as doce horas e cinco minutos do día tres de novembro de dous mil vinte e un, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Ares, con asistencia dos Sres. membros seguintes:

PRESIDENTE: D. JULIO IGNACIO IGLESIAS REDONDO.

**VOGAIS: D. MANUEL LARROSA RODRÍGUEZ
FEIJOO.**

SECRETARIO: D. JOSE ANGEL CARBALLO

Aberto o acto pola Presidencia polo Secretario da Mesa de Contratación dase conta que únicamente se presente unha oferta da Entidade Bancaria BBVA, que seguidamente se procede a apertura da mesma de forma electrónica quedando constancia da mesma na aplicación informática do Concello GESTIONA.

Plica num. 1 e UNICA.- Presentada por D. Javier Pascual Llorente con D.N.I. núm. 3.470.313-G e Dña Rosa Romero Molina con D.N.I. núm. 02.543.007-N quenes actúan en nome e representación do BANCO BILBAO VIZCAYA S.A. con C.I.F. núm. A48265169, presentado a seguinte oferta:

- IMPORTE: 600.000 Euros.
- PLAZO: 15 ANOS (incluídos dos anos de carencia). TIPO DE INTERES EURIBOR 3 MESES + 0,75% LIQUIDACIONES TRIMESTRALES.
- TIPO DE INTERESES DE DEMORA: 2,21% (Demora inicial para sucesivos, se incrementoun 2% el tipo resultante de cada período).

Á vista do cal a Mesa de Contratación por unanimidade, acorda elevar ó Concello Pleno a presente proposta para sua contratación se procede e o considera oportuno.





Toma a palabra o Sr. Alcalde manifestando que isto xa foi explicado na comisión correspondente e polo tanto abrimos unha quenda de intervencións.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sra. Brage Otero sinalando que dende o BNG como sempre está en contra deste endebedamento isto vai a traer unha subida importante dos impostos xa se veu no 2012, e aumentar aínda máis ata chegar case aos catro millóns a nós parécenos cando menos un suicidio, sabemos que vai a supoñer unha subida de impostos ata que a débeda se acabe e a historia é que ademais nos vai a supoñer unha subida dentro de dous anos, esta política leva aparelado unha subida de imposto iso está claro porque dalgunha maneira hai que sacar as cousas, todo o contrario do que é o BNG, tratase de facer unha política de impostos instrutiva e aumentar as políticas sociais pero ben, se seguen a facer investimentos que non teñen gratuidade apenas e que ademais incluso os propios informes do secretario ten o seu guión de leis, seguímonos metendo en préstamos e logo quen paga os gastos de conservación, e quen paga todos eses exercizos, nós non podemos votar a favor de que sigamos con esa política.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que si que é certo o que di o BNG pero o que está claro é que hai obras que hai que facer si ou si, neste caso falamos do tema do auga que nós votamos a favor, e esta é unha ampliación para a zoa do Porto que é necesario para meter os servizos e resolver o problema da praia, nós estamos de acordo porque son unhas obras importantísimas que non poden esperar, nós como non participamos na adxudicación ímonos a abster.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do NAL.

Intervén o Sr. Luis Cendán Fernández manifestando que o seu voto vai a ser a favor.

Toma a palabra o Sr. Alcalde en resposta a voceira do BNG, en principio é un discurso moi parecido a do PP, austericidio, non a subida dos impostos sorprende da voceira do BNG. Nós temos que pedir un préstamo porque se xuntan moitas obras, non se pode pedir na rúa que se arranxe o problema do auga e agora deixarnos sen poder arranxalo en consecuencia, o problema do auga temos que poñer un 20% dun millón e pico ademais dalgunha maneira seguimos tendo o problema do saneamento na zona do Porto porque hai casas antigas que seguen enganchadas no saneamento do século XIX e temos que abrir as rúas para saber onde está, esta zoa xa se rexenerou coa depuradora pero temos un problema persistente e hai que levantar as rúas en todo caso sorprendeume moito ese discurso, que é moi parecido ao do PP e non o compartimos, todos os préstamos que pedimos os pagamos e sen ningún tipo de problemas, no último momento subíronse os impostos no ano 2012 e nunca máis volvéronse a subir e eu non gañei as eleccións prometendo que non ía a subir os impostos, eu non faltei a miña palabra. Si que é certo, que en dezaseis anos de goberno ou catorce só houbo unha subida de impostos no 2012, a anterior foi do PP no 2003 polo tanto, se só se suban os





impostos cada nove anos non é tan descabelado pero en calquera caso as operacións de crédito son operacións ordinarias para acometer situacións puntuais, isto non o facemos por capricho, hai que arranxar o problema do auga e da zoa do Porto e que todos os veciños/as saiban que o BNG está en contra da renovación dos servizos cando logo pide APLU, PEPRI e POS para os cascos históricos e agora que imos a renovar os servizos nun casco histórico vota en contra pois está ben.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán dicindo que o seu grupo non falou en ningún momento dos impostos.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que aquí se subiron os impostos no ano 2003 e no 2012 non cada ano nin cada dous anos, nin cada sete nin cada nove, foi unha política impositiva moi contida.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que o tema das obras puntuais, obras concretas como é auga e saneamento que van a solucionar os problemas nas vivendas van a ter a nosa aprobación, a esta nos abstemos porque non formamos parte da mesa de contratación pero non somos partidarios do tipo xeral porque as consecuencias por experiencia todas as subvencións da deputación foron destinadas a pago corrente e a pagar a débeda e minguose moito o mantemento dos servizos municipais, nos POS podería meterse unha obra ou dous cada ano para arranxar servizos. Nós nos somos partidarios sempre de ir a estas operacións pero con esta peculiaridade.

Intervén o Sr. Alcalde sinalando que no 2011 levabamos tres anos de crise, houbo unha crise inmobiliario que afectou a todos os concellos e afectou a tantos que o Ministerio de Facenda tivo que sacar unha liña de crédito porque efectivamente o problema era de tesourería e de moitas empresas verían atrasados os seus pagos e loxicamente estas situacións podían levar a que moitas empresas chegaran a quiebra e fomos a un plan de axuste, pero como fomos nós foron moitos concellos e non tivemos ningún problema o que asumimos o pagamos e agora efectivamente estamos coa crise do COVID-19 que afortunadamente non sabemos o que nos pode deparar, pero este crédito é para facer obras necesarias é un clamor para a política do goberno e agora que queremos arranxalo votades en contra, se queren protexer os cascos históricos, se quere poñer o casco histórico altura en prestación de servizos de todo o resto do pobo, hai vertidos na praia de augas fecais por unha conexión do saneamento antigo, esas obras non as pido eu, esas obras aparecen e hai que resolvelos, e non temos tesourería para resolvelos nun ano polo tanto hai que ir a un préstamo si se fixera cun POS pois teríamos cinco anos de augas fecais na praia porque o teríamos que facer en cinco anos, e non se pode ter cinco anos augas fecais na praia porque o imos a facer con cinco POS, hai que arranxalo dunha vez.

Unha vez fixadas as posicións procedemos a votación.





Sometida a votación a aprobación da “**ADXUDICACIÓN OPERACIÓN DE PRÉSTAMO 2021**” o Pleno do Concello por 8 votos a favor (7 do PSdeG-PSOE, 1 de NAL), 2 en contra (2 do BNG) e 3 abstencións (3 PP), acorda prestar a súa aprobación.

Punto núm. 5.- Aprobación “Plan de Acción para o clima e a enerxía sostible (PACES).

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que este plan nolo esixen igual que no seu momento esixiron o PEMU para poder acceder a determinado financiamento e en consecuencia procede traelo a pleno para a súa aprobación.

O Sr. Alcalde abre a primeira quenda de intervencións para fixar posicións.

Non hai intervención, polo tanto sometese o punto a votación.

Vista a ORDE do 26 de xaneiro de 2021 (código de procedemento MT210A) que financia á elaboración dos plans de acción para o clima e a enerxía sustentable (PACES), sometida a votación ordinaria a aprobación do Pleno do Concello por unanimidade, 13 votos a favor (7 de PSdeG - PSOE, 1 de NAL, 3 PP, 2 BNG), acorda prestar a súa aprobación:

Primeiro. - Aprobar o **Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) do Concello de Ares**, Proxecto subvencionado ao abeiro das axudas destinadas a entidades locais asinantes do Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía Sostible. Frear o Cambio Climático. Operación cofinanciada pola Unión Europea, a través do FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL (FEDER).

Segundo. - Adquirir ou compromiso para a presentación do Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sostible (PACES) do Concello de Ares na páxina web europea do Pacto de Alcaldes.

Punto núm. 6.- Dar conta PMP tercer trimestre 2021.

DETALLE DEL INFORME PMP

[1]. Ares

Ratio operacións pagadas: 19,90

Importe pagos realizados: 1.114.728,01€

Ratio operacións pendentes: ~~1990~~

Importe pagos pendentes: 274.629,55€

PMP: 20,78

PMP Global:

Importe pagos realizados: 1.114.728,01€

Importe pagos pendentes: 274.629,55€

PMP:

Pagos realizados durante o terceiro trimestre trimestre:

Dentro do período legal de pago: 1.020.939,66€

Fóra do período legal de pago: 104.707,49€

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre:





Dentro do período legal de pago: 355.696,04€

Fora do período legal de pago: 61.263,64€

Concello pleno dáse por enterado

Punto núm. 7.- Dar conta informe morosidade tercer trimestre 2021.

Dáse conta do informe morosidade terceiro trimestre de 2021, que a continuación se transcribe:

Pagos realizados no terceiro trimestre:

PMP TOTAL DÍAS: 36,32

Pagos realizados durante o terceiro trimestre:

Dentro do período legal de pago: 1.020.939,66€

Fóra do período legal de pago: 104.707,49€

Facturas ou documentos xustificativos pendentes de pago ao final do trimestre:

Dentro do período legal de pago: 355.696,04€

Fora do período legal de pago: 61.263,64€

Concello pleno dáse por enterado

Punto núm. 8.- Dar conta da remisión ao MHFP informe coste efectivo dos servicios.

O Concello pleno dase por enterado.

Punto núm. 9.- Dar conta remisión ao MHFP execución trimestral orzamento.

O Concello pleno dáse por enterado.

Punto núm. 10.- Dar conta das resolucións adoptadas pola alcaldía.

De conformidade co previsto no artigo 42 do R.D. 2568/1986, do 28 de novembro a Alcaldía-Presidencia procede a dar conta das Resolucións adoptadas pola mesma dende a celebración da "última sesión plenaria ordinaria ós efectos, de control e fiscalización dos órganos previstos no artigo 22.2 a) da Lei 7/1985 de 2 de abril.

Punto núm. 11.- Mocións-Propostas

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha moción.

Non hai

O Sr. Alcalde pregunta si hai algunha moción pola vía de urxencia.

Hai unha presentada polo grupo municipal Partido Popular "CONVOCAR LA PLAZA DE INTERVENTOR"





Intervén o Sr. Alcalde manifestando que ante esta moción hai dúas opcións, votar a urxencia e abrir un debate ou que vaia a comisión correspondente para despois debatela no pleno ordinario, a moción urxente non é efectivamente isto pode ir ao pleno ordinario perfectamente pasando pola comisión e ver si hai algunha posibilidade de negociación polo tanto, eu o deixo a túa decisión. Eu ofrézoches que a leves a comisión e alí a debatemos porque aquí no pleno non imos a votar a urxencia, creo que é bo que pase por comisión a debatemos e vemos as razóns e os prexuízos aínda que logo vaia ao pleno e efectivamente que no pleno se teña que votar, pero eu preferiría debatela na comisión correspondente.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que a razón de traela hoxe ao pleno é porque se están a facer os orzamentos, dende o ano 2007 o concello de Ares é un concello de segunda por ter unha poboación superior aos 5001 habitantes cando no rexistro da Xunta de Galicia aparece como concello de terceira, polo tanto habería que actualizar eses datos e cumprir ca lei que obriga a ter un interventor, creo que é unha obrigaón por parte do concello actualizar os datos na Xunta de Galicia e despois convocar a praza de interventor porque estamos vendo todo o tema que está sucedendo coa economía, o secretario está desbordado de traballo e agora mesmo ca xestión das operacións de crédito necesítase un interventor. Nós a traemos hoxe aquí para que se debata antes do orzamento para iniciar o expediente correspondente, despois de catorce ou quince anos podemos esperar un mes.

O Sr. Alcalde pregunta ao voceiro do PP si está disposto a retirar a moción e levala a comisión correspondente para despois votala no pleno.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que si, que non teñen problema pero por lei hai que actualizar os datos porque constamos como concello de terceira e somos de segunda.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que unha presentada unha moción deste calibre tería que contrastar a información coa lexislación vixente porque a min o que presentas non me soa de nada, e precisamente para ter un debate hai que coñecer os temas eu agora mesmo non teño coñecementos para debater este tema en profundidade polo tanto, eu pídocho que a retires que vaia a comisión asesorámonos e falamos porque tamén é verdade que urxente non é, pode ir ao seguinte pleno perfectamente pasando por comisión.

O Sr. Alcalde pregunta ao voceiro do PP novamente si retira a moción.

Responde o Sr. José Manuel Cendán Fernández dicindo que si.

Punto núm. 12- Rogos e preguntas

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do BNG.

Intervén a Sra. Brage Otero facendo referencia as resolucións da Alcaldía "Aprobación pago de facturas" non veñen os conceptos das facturas, como por exemplo a 532/2021 é unha factura de unha ferraxería, non temos porque dicir que non, pero non sabemos si se está a pagar un





bote de pintura ou unha batidora, o lóxico xa que é informativo é que figuren os conceptos das facturas.

En canto a resolución 530/21 do 27 de outubro queríamos saber en que consiste a modificación do proxecto básico e de execución da nave-almacén de embarcacións.

Na resolución 555/21 que unha traballadora do concello faga unha compra en Pontedeume e que abone a factura non é lóxico, o lóxico sería que a factura a pagara o Concello de Ares.

Na Resolución 553/21 "Reclamación por exceso de ruído das Campás da Igrexa" quixeramos ter acceso ao expediente, a esa denuncia que se fixo no xulgado contencioso-administrativo.

O Sr. Alcalde dálle a palabra ao voceiro do PP.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que as preguntas que ía a facer xa as fixo a voceira do BNG.

O que si quero facer é un rogo sobre a varanda que se está a colocar na praia, non sei quen foi o que decidiu o material pero nos creemos que se debería poñer en inox, a proposta que lle fixemos nós a costas cando se fixo foi poñela en inox pero nos dixeron que non, que tiña que ser en madeira o único que nos aceptaron foi as baixadas pero o que si está claro é que é lamentable esa varanda, non hai gusto nin hai nada, se lle quita visibilidade a praia parece un peche de ovellas, hai que ter un pouco de gusto, aínda encima se lle deu altura e lle quita visibilidade a praia polo tanto, a próxima vez que o concelleiro de obras se asesora e se faga con outro gusto.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que en relación as preguntas sobre as facturas o concepto é ferraxería sería absurdo que se lle esixira a ferraxería que presente factura por cada un, por puntas, martelo etc... presentan as facturas e se agrupan por elementos, non pode haber unha factura por 0,95€ é absurdo polo tanto o concepto é gasto en ferraxería e en consecuencia son cousas consumibles para facer obras e dentro do que se pode mercar nunha ferraxería está o concepto ferraxería.

En canto a pregunta sobre a modificación do proxecto da nave-almacén nós temos uns cartos para a construción, enviamos toda a documentación a Deputación que para financiar a obra esíxenos unha serie de cambios para cumprir cos requisitos, pero o proxecto é o mesmo pode cambiar algo dentro porque os técnicos da Deputación estiman que dentro hai que poñer unha cousa ou outra, son cambios que esixen os programas de financiamento pero efectivamente é a nave-almacén para construír na zoa do Porto un banco fixo, unha trainera, uns vestiarios, nave-almacén para embarcacións e vehículos e un ximnasio.

En canto a traballadora que merca en Pontedeume eu adianto sempre os cartos, a min o concello non me da nada, adianto os cartos e logo presento as facturas, por unha razón moi concreto e que senón es persoa física tes que darte de alta nun rexistro e presentar factura electrónica, os pequenos establecementos non teñen esa capacidade entón, ou mercamos en grandes empresas ou si mercamos en pequenos negocios non teñen esa posibilidade e para





cobrar dentro de mes e pico, non lles compensa prefiren que non merquem nada polo tanto, nós apoiamos ao pequeno comercio e si temos que adiantar os cartos pois o adiantamos e xa esta, porque grazas a adiantar os cartos lle mercamos ao pequeno comercio porque máis de un responsable dun establecemento din que non lles compensa para cobrar dentro de tres meses pois ben, pago eu e o que cobra dentro de tres meses son eu.

En relación a pregunta sobre o contencioso-administrativo é polas campás en de onde incumpre o compromiso que aceptou ao presentar a denuncia que presentou ao valedor do pobo, ninguén pode ir ao valedor do pobo si ten o tema xudicializado, isto xa estaba no contencioso e foi a valedora do pobo mentindo porque senón non o explico porque para que a valedora conteste a queixa tes que comprometerte a non ter o tema xudicializado e este tema está xudicializado. Logo presenta unha medición con erros, unha medición como lle convén a el, polo día non vai pero pola noite resulta que se excede nove decibelios, pero resulta que a comparativa non cumpre cas premisas desa medición e en consecuencia foi ao contencioso e está facendo obras na casa tirando tabiques sen licenza municipal polo tanto, a medición foi antes ou despois de tirar os tabiques, tivemos que paralizar as obras porque está alterando o inmovible, porque altera o inmovible, con que finalidade, a medición que foi sen tabique e coas ventás abertas e aínda encima manipulando o cadro comparativo e vinda así só se excede nove decibelios, en fin, é terrible a miña intransixencia total e absoluta vir arrasando ao pobo queixouse das terrazas, das parasoles das terrazas e que ten problemas con todo e presenta unha denuncia polas campás e resulta que non se pode vivir aí porque non hai tabiques, vai ao valedor do pobo e fai unha medición cos cadros comparativos que non se ten que poñer, fai obras sen licenza e lle molestan as terrazas e as parasoles das terrazas, e xa non quero lembrar a conversa que tivo comigo, eu veño aquí a descansar e é anacrónico un reloxo de Soler que foi o mesmo que fixo o reloxo da Berenguela, a maquinaria que hai na Berenguela de Santiago é do mesmo reloxeiro que a que temos aquí un dos mellores reloxeiros que houbo aquí a principios do século XX, como facemos con esa maquinaria ou se lle da corda ou non se lle da corda, senón se lle da corda non soa, é un reloxo mecánico non é programable é un reloxo do século XX pero ben, hai xente así.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández preguntando si por parte do concello se fixo unha medición.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que si, e cumpren non excede de trinta decibelios, pero en todo caso non é si excede de trinta decibelios ou non, hai unha lei de 2003 que fala do ruído e que está pensada para ruídos de actividades molestas e no 2015 dado que había veciños/as e que se queixaban dos cantos de galos, badaladas das igrexas, no ano 2015 aprobouse unha lei para protexer o patrimonio nacional onde fala dos mecanismos de comunicación veciñal e ademais o plan de protección do patrimonio sensorial que aprobouse en aplicación de esa lei do 2015 fala expresamente das badaladas polo tanto, onde hai unha lei especial non se pode aplicar a lei xeral, ás badaladas hai que aplicarlle a lei sensorial non a lei do ruído. En canto ao concepto de molestia, es un concepto xenérico, é molesto o que lle molesta a moitos e só hai a queixa deste señor, o concepto de molestia e obxectivo, non se pode aplicar a un concepto obsesivo, si é molesto, molesta a máis de un non só a un entón si ese algo molesta só a un é que non é





molesto, moléstalle a el, pero a lei non está para protexer obsesións de cada un, é molesto o que molesta a moita xente non a un, e temos un lío que non vexas con este tema.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que despois de toda a semana que levamos cos medios de comunicación o que pediría é que facer as cousas ben por parte do concello e non entrar ao trapo.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que si chama un medio de comunicación que fago non falo, para que eles conten a historia como queiran.

Intervén o Sr. José Manuel Cendán Fernández manifestando que o que faría é dicir que seguimos a normativa que nos esixen, non lle daría máis chance a todo isto, non por nós porque lle preguntas a xente e o 100% vai a dicir que non molesta a campá e todo o mundo quere que toco a campá, pero as administracións temos que cumprir a legalidade. Eu vou a poñer un exemplo, cando inauguramos o concello que foi en decembro do 2006, o reloxo do concello é un reloxo electrónico e que ten multitude de aplicacións, no mes decembro puxéronse villancicos durante a mañá e a tarde para ambientar o pobo pois ben, os veciños/as de aquí se queixaron e houbo que apágalo, eu non quería entrar en conflito non ninguén e apagueino pero que molestaba poñer os villancicos polo día, pois protestaron e apagueino.

Responde o Sr. Alcalde sinalando que unha cousa é un ruído continuo e outra cousa é isto que non é un ruído continuo e tampouco é molesto, porque só lle molesta a este señor polo tanto non é molesto e non se pode aplicar a lei do ruído porque é xeral, todo isto é a intransixencia dunha persoa, todo o mundo ten dereito a elixir onde quere vivir pero unha vez que elixe onde vivir non ten dereito a conformar o entorno ao seu gusto, a iso non ten dereito a adaptar o entorno ao seu modo de vida, sabemos que foi unha semana complicada cos medios pero agora tócanos defendernos xudicialmente.

Toma a palabra o Sr. José Manuel Cendán Fernández sinalando que non poden prohibir que toque a campá.

Responde o Sr. Alcalde manifestando que unha vez que está xudicializado dependes dunha resolución, e non habendo máis preguntas levantamos a sesión dando a benvida como membro da Corporación ao Sr. García Paz.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as doce horas e trece minutos do día ó comezo sinalado polo Sr. Alcalde-Presidente, levántase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente

Documento asinado dixitalmente polo Secretario-Interventor

